



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A UTILIZACIÓN DAS BIBLIOTECAS DA USC POR PARTE DO ALUMNADO DO BACHARELATO INTERNACIONAL DOS CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA.

Ao abeiro do establecido no punto cuarto, f) da resolución da Consellería de Economía e Facenda do 08 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, expoño os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos que se pretenden co convenio de colaboración indicado.

Antecedentes

Dentro dos centros que son titularidade da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia algúns deles imparten o Bacharelato Internacional. Dentro desta modalidade de bacharelato, o alumnado debe realizar, como un dos compoñentes troncais do Programa do Diploma (PD) do Bacharelato Internacional (IB), unha monografía inédita.

Pola súa parte, a USC dispón de bibliotecas, fundamentalmente a Biblioteca Xeral de Santiago de Compostela, que ten libros e material de traballo que lle pode ser de grande utilidade ao alumnado desta modalidade de bacharelato para a realización de indicada monografía.

Razóns de oportunidade

A oportunidade da sinatura deste convenio vén determinada polo interese que teñen as dúas entidades asinantes en que o alumnado de Bacharelato Internacional dos centros dependentes da





Consellería realicen os traballos inherentes á súa realización con calidade suficiente para acadar unha óptima formación e, xa que logo, acceder á Universidade nas mellores condicións académicas.

Obxectivos

Que o alumnado do Bacharelato Internacional dos centros públicos dependentes da Consellería poidan acceder ás bibliotecas dependentes da USC, co fin de realizar a monografía establecida nesta modalidade de bacharelato ao rematar o segundo ano de formación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

